

XORNADA

NOVAS FORMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO: O PATRIARCADO NA XUSTIZA

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Luns, 5 de novembro de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Continuando a senda iniciada no pasado ano, no que re. exionamos sobre o ciberacoso na mocidade, dende a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega queremos abrir o debate e a re. exión sobre a xustiza, un dos piares que deben garantir a seguridade e a integridade de mulleres e menores, lonxe da contaminación de séculos de tradición e hábitos sociais do patriarcado.

Un dos motivos e argumentos que acompañaron as mobilizacións feministas nos últimos tempos ten que ver coa violencia de xénero e o seu impacto directo nas crianzas. As reiteradas sentenzas “exemplarizantes” supoñen exemplos explícitos dos ditados da xustiza neste campo, contaminadas pola mentalidade patriarcal: cegas á perspectiva de xénero e invisíbeis para a sociedade pola imparcialidade que se lles atribúe.

A cegueira do patriarcado, que determina moitas decisións xudiciais, e a súa invisibilización son circunstancias que nos retrotraen a tempos que queríamos imaxinar pasados, nos que o prezo da liberdade dunha muller era a perda da custodia dos seus fillos e fillas. Hoxe en día, a xustiza está a aceptar argumentos acientíficos como a “síndrome de alienación parental” ou as obxeccións á universalidade da custodia compartida, que consolidan o prexuízo das mulleres como seres perversos, que instrumentalizan aos seus fillos e fillas contra a figura paterna.

Os feminismos, partindo da base de que un maltratador non pode ser un bo pai, reivindicán outra forma de facer xustiza, que identifique e combata o patriarcado. Que teña en conta a existencia real dunha violencia vicaria e a necesidade de identificar a asunción social de modelos de masculinidades agresivas e violentas. Unha xustiza, ao cabo, que non permita ou facilite a violencia dos proxenitores contra a súa propia descendencia pois que, lonxe de facelo, en numerosas ocasións acaba por xustificar aos agresores, culpabilizando ás mulleres e deixando os seus fillos e fillas en mans de quen os utiliza para exercer un grao de violencia extremo contra delas.

PROGRAMA

16:30 horas
Presentación

16:45 horas
A xustiza como instrumento da Violencia Vicaria: a ideoloxía da suposta Síndrome de Alienación Parental (sSap) e a custodia compartida imposta

Sonia Vaccaro, psicóloga clínica, perito forense experta en vitimoloxía e violencia de xénero

Presenta: **Carme Adán Villamarín**, coordinadora da Sección de Pensamento e Sociedade do CCG

17:30 horas

Problemática sobre réxime de custodia sobre menores. Especialidade en caso de violencia de xenero. Lei do menor 1/1996 e as súas sucesivas reformas. Anotacións á subtracción internacional de menores, regulación actual
Paz Filgueira, xuíza, experta en violencia de xénero

Presenta: **Carmen Cajide Hervés**, membro da Comisión de Igualdade do CCG

18:15 horas

Coloquio

Sonia Vaccaro

Paz Filgueira

Moderada: **Luzia Oca**, coordinadora da xornada

ORGANIZA

Comisión de Igualdade (CCG)

COORDINA

Luzia Oca González

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

